

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CARBALLIÑO- O RIBEIRO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO RIBEIRO-O CARBALLIÑO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que a Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Carballiño – O Ribeiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 31 de decembro de 2025 dende o día da súa sinatura e sen prexuízo das posibles prórrogas.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) Ribeiro – O Carballiño, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

1.- O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación (« Next Generation EU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de



recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision- CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.- Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

Posteriormente, Axencia Turismo de Galicia e SETUR compartiron en sesión formalmente convocada o 5 de novembro de 2021 do Comité Consultivo formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous representantes de SETUR e unha representante da FEGAMP as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria 2021. Na devandita reunión, presentouse un informe que contiña o listado de todos os PSTD recibidos, as ACD, e as puntuacións asignadas a cada unha desas intervencións. A esta Convocatoria do Comité Consultivo convidouse con voz, pero sen voto, a un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentaran PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan Territorial de Galicia que inclúe os PSTD e ACD que, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial atendendo ao marco da repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD), como ás



sinerxías e aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatais, así como cos obxectivos xerais e específicos da Estratexia.

3.- A Resolución do 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, e a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

Con data de 29 de marzo de 2022 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2022, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

4.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



5.- A Asociación Carballiño – O Ribeiro concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de “Plan de Sustentabilidade Turística en destino Ribeiro – O Carballiño” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixos que recolle a convocatoria.

Incluindo as seguintes actuacións en liñas estratéxicas que procuran a mellora da xestión turística do destino a través do incremento da calidade dos produtos e servizos turísticos entre as que se destacan: a restauración paisaxística e ambiental en puntos degradados en lugares de interese turístico; implantación de medidas que melloren a xestión da auga e os residuos no sector HORECA; elaboración dun inventario do patrimonio material e inmaterial enogastronómico; creación dun menú Ribeirao con produtos KM 0 nos establecementos hoteleiros; plantación estratéxica dos ríos da comarca para reducir riscos de inundacións; protocolo de xestión e mantemento de vexetación en espazos públicos; liñas de axudas para a implantación de medidas de eficiencia enerxética para o sector HORECA; servizo de asesoramento individualizado sobre eficiencia enerxética nos establecementos HORECA; ordenación e zonificación da rede de sendeiros segundo os distintos usos; plan de mobilidade sustentable; instalación de varios puntos de carga eléctrica de vehículos; mapa web interactivo multiplataforma e totems para a promoción e información turística 24h; estratexia dixital do “Camiño do Viño”; APP de realidade aumentada para coñecer a tradición enogastronómica do territorio; liña de axudas e formación para a dixitalización do sector HORECA; creación de rutas ficcionadas con audioguía para determinados recursos e produtos enogastronómicos; docu-ficción da historia do viño, patrimonio e produtos gastronómicos asociados ao territorio; encontros informativos vía streaming con operadores turísticos especializados en mercados orixe; creación dun sistema de intelixencia turística para a xestión centralizada de datos turísticos; elaboración dun estudo de mercado turístico; axudas ao sector privado para desenvolver produtos enogastroturísticos sustentables e innovadores; servizo de asesoramento empresarial para a creación de bens e servizos enogastronómicos; xornadas de formación para profesionais do sector HORECA; deseño e desenvolvemento de produtos turísticos en torno aos recursos do destino; recuperación da arquitectura histórica do viño do Ribeiro, do pan de Cea ou outros produtos; adhesión da ruta do viño do Ribeiro ao clube de produto Rutas do Viño de España de ACEVIN; apertura dun centro de



enogastronomía, que serva como punto de venda para os produtos locais; posta en valor da paisaxe vitivinícola do Ribeiro-Carballiño; contratación de persoal cualificado para a xestión e execución do PSTD; creación dun comité de seguimento do PSTD; contratación dun avaliador externo para valorar que se alcanzaron os obxectivos do PSTD; creación de espazos de networking para fomentar a colaboración, intersectorial e público-privada.

6.- O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor da Asociación Carballiño- O Ribeiro, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

